



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

COMUNICACIÓN DA REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS NO SAN XOAN E SAN PEDRO NO CONCELLO DE PONTEDEUME 2026

NOME E APELIDOS:			
NIF/NIE:		TEL. MÓBIL:	
ENDERZO:			
POBOACIÓN:		CP:	PROVINCIA:
CORREO ELECTRÓNICO:			
Actuando en nome propio		Ou en representación de :	

SOLICITO AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA FOGUEIRA SEGUNDO SE INDICA:

FOGUEIRA DE SAN XOAN:

DATA E LOCALIZACIÓN:

LUGAR/PARROQUIA:

FOGUEIRA DE SAN PEDRO:

DATA E LOCALIZACIÓN:

LUGAR/PARROQUIA:

Asimesmo, declaro responsablemente que fun informado, coñezo as normas de realización das fogueiras do ano 2026 e me comprometo a cumprir, incluídas no Bando da alcaldía publicado ao efecto, que son:

1- A autorización municipal para este tipo de eventos populares resulta obrigatoria, tanto se comporta unha ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos, como se fora realizada en terreos de titularidade privada, consonte ao disposto nos artigos 41 letra c) da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia), e 36.5 da Lei 3/2007 de 9 abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, de prevención e defensa contra os incendios forestais, art. 4 c) da Lei 10/2017 de Espectáculos públicos e actividades recreativas, art. 3 e) e apartado II.5 do Anexo do Decreto 124/2019 de Galicia, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

2.- As solicitudes que eventualmente resultasen concedidas quedarán condicionadas na súa validez e eficacia a que o índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) non sexa extremo, debendo entenderse automaticamente revogadas as autorizacións emitidas con anterioridade. Pódese consultar no seguinte enlace: <https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/irdi>

3.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos a que houbera lugar, das que será exclusivo responsable quen conste como solicitante.

4.- As fogueiras en locais sociais, prazas, praias, parques e xardíns municipais (así como calquera outro ben de dominio público de carácter especial): deberán contar coa previa autorización municipal. No caso de realizarse en terreos públicos de titularidade municipal deberá achegarse unha PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL cunha cobertura conforme ao disposto no Decreto 226/2022, de 22 de

decembro (DOG num. 13 de data 19/01/23), achegando conxuntamente o comprobante de estar ó corrente de pago

5.- A celebración de Cacharelas/Fogueiras/Sardiñadas de San Xoán e San Pedro nas vías ou espazos públicos de titularidade municipal só serán concedidas aos colectivos ou asociacións veciñais e culturais debidamente constituídos.

6.- Están totalmente prohibidas as fogueiras nos espazos naturais protexidos.

7.- Os elementos da fogueira deberán estar colocados con dous días naturais de antelación a súa queima, para que o Servizo de Protección Civil, poida levar a cabo a inspección, revisión e control desta coa antelación suficiente.

8.- En zonas urbanas, o volume do combustible da cacharela non excederá os tres (3) metros de diámetro, nin dous (2) metros de altura, mentres que nas zonas rurais, o volume do combustible da cacharela non excederá os seis (6) metros de diámetro nin os tres (3) metros de altura.

En zona rural o volume do combustible da fogueira non excederá os 3 metros de diámetro ou de perímetro, nin os 3 metros de altura.

9.- A fogueira estará situada a unha distancia mínima de 50 metros de vivendas, vehículos, instalacións, e locais nos que se almacenen produtos inflamables; tampouco se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.

No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato

10. Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, derivados de hidrocarburos, fedorentos tóxicos, así como de calquera outro material ou produto contaminante ou substancias susceptibles de desprender fumes tóxicos. Asemade, coidarase de non botar ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.

Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira

11.- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público lousados, asfaltados ou pintados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm. en toda a superficie da fogueira.

12.- Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas sobre terreos de uso público que non estean expresamente autorizadas.

13.- A hora límite para rematar a celebración é as 04:00 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no art. 5.II.5 da Orde de 23/10/20 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia (DOG 30/10/20), para a celebración de festas e romarías populares.

14.- Ao finalizar a fogueira e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas, debendo retirar todos os restos que queden unha vez rematado evento.

15.- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a fogueira e/ou sardiñada

16.- Os organizadores deberán cumprir co establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

17.- Prohíbese, con carácter xeral e agás as autorizacións que con carácter excepcional puideran ser outorgadas, a celebración de Cacharelas de San Xoán ou San Pedro no ámbito do Casco histórico, así como preto de calquera elemento que constituía o patrimonio histórico ou cultural.

18.- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas deberá axustarse ao permiso concedido

e as ordenanzas municipais que eventualmente puidesen resultar de aplicación.

19.- Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar autorización nos casos en que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.

20.- No caso de detectarse algún problema deberá chamar ao 112.

En Pontedeume a de xuño de 2026

O/a solicitante

Asdo.....

ACOMPAÑO, NO SEU CASO:

- POLIZA RC E ACREDITACIÓN DE PAGO
- AUTORIZACIÓN NO CASO DE ACTUAR EN NOME E REPRESENTACIÓN DE ASOCIACIÓN, COLECTIVO, ETC...